

VII SAN SILVESTRE PONTESA 2017

Data: DOMINGO 31/12/2017

Hora: 11:00

Lugar de Saída: Rúa Alexandre Bóveda (Colexio Público Santa María)

Distancia: Dende 75 a 5000 metros aproximadamente

Inscripcións: www.carreirasgalegas.com ata o 28 de Decembro as 23:59

Custo: Inscrición gratuíta, para as categorías inferiores mentres que a carreira absoluta terá un custo de 3 euros

Organiza: Club Atletismo Olympo

Artigo 1. O Club Atletismo Olympo, organiza o vindeiro 31 de decembro de 2017 a VII San Silvestre de As Pontes, que se celebrará sobre unha distancia aproximada de 5 km en ruta. A proba estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuízes da Federación Galega de Atletismo.

Trátase dunha proba eminentemente festiva, para disfrazarnos e divertirnos para despedilo ano e dar a benvida ao 2018, polo que a organización agradece e premia que cada atleta saque o seu mellor disfraz para participar na proba.

Artigo 2. Nesta proba poderán participar atletas federados e non federados. A Saída e Chegada farase na Rúa Alexandre Bóveda (diante do Colexio Público Santa María), comezando polas categorías menores.

Artigo 3. A **recollida de dorsais farase o mesmo día da proba ata 30 minutos antes da saída da Carreira**, no interior do Mercado Municipal.

Artigo 4. Haberá as seguintes categorías: Biberón, Prebenxamín, Benxamín (Sub 10), Alevín (Sub 12), Infantil (Sub 14), Cadete (Sub 16), Xuvenil (Sub 18) e Categoría Absoluta.

Artigo 5. Inscrición gratuíta, para as categorías inferiores, en www.carreirasgalegas.com ata o Xoves 28 de decembro. (Nome e apelidos, data de nacemento, club e DNI)

Artigo 6. Haberá premio para os 3 primeiros/as de cada categoría excepto para os biberóns, que haberá medalla para todos os chegados a meta.

Artigo 7. A saída realizarase na Rúa Alexandre Bóveda (Colexio Público Santa María), os atletas deberán estar na zona de saída 5 minutos antes da súa carreira.

Artigo 8. Non se permitirá o acompañamento de ningún atleta por vehículos alleos á organización, excepto na categoría de Biberóns, sendo este, motivo de descalificación. Cortarase o trafico na totalidade do percorrido da carreira.

Artigo 9. As inscricións rematarán o día 28 de Decembro ás 23:59. **Non se aceptarán inscricións o mesmo día da carreira.**

Artigo 10. A Organización establecerá os seguintes premios e obsequios:

- Premio ao mellor disfraz das categorías infantís individual
- Premio ao mellor disfraz da categoría individual Absoluta
- Avituallamento final para todos os participantes.
- Non entrarán en concurso os disfraces comprados, valorarase a imaxinación dos participantes.

Artigo 11. A Organización reservarase o dereito a solicitar o DNI ou documento acreditativo da identidade e/ou idade do participante en caso de duda ou posterior reclamación que poda afectar á entrega de premios da categoría afectada.

Artigo 12. Descalificacións. Calquer atleta poderá ser descalificado por non levar dorsal ou non levalo de forma visible, e a todo o ancho na zona do peito; por mal estado físico do deportista ou participar co chip ou dorsal doutro corredor; por participar con un dorsal non autorizado, entrar na meta sen dorsal ou non levalo colocado correctamente; por non atender as indicacións da organización e/ou Xuíces e por conductas antideportivas.

Artigo 13. Todos os participantes, polo feito de tomala saída, aceptan o regulamento. Todo o non previsto no mesmo, resolverase según o establecido no regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta. As reclamacións poderán realizarse ao Xuíz árbitro da Competición co prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Artigo 14. HORARIOS E DISTANCIAS (aproximadas); as carreiras comezarán ás 11:00 co seguinte orde:

Establecéndose as seguintes categorías:

Hora	Categoría	Idade	Distancia	Observacións
11:00	Biberón	Nados entre o 2014 e 2017	75 m aprox	1 Volta A
11:05	Prebenxamín	Nados entre o 2011 e 2013	150 m aprox	2 Voltas A
11:10	Benxamín (Sub 10)	Nados no 2009 e 2010	500 m aprox	1 Volta B
11:20	Alevín (Sub 12)	Nados no 2007 e 2008	800 m aprox	1 Volta C
11:30	Infantil (Sub 14)	Nados no 2005 e 2006	1000 m aprox	2 Voltas B
11:45	Cadete (Sub 16)	Nados no 2003 e 2004	1600 m aprox	2 Voltas C
12:00	Xuvenil (Sub 18)	Nados no 2001 e 2002	2500 m aprox	1 Volta D
12:15	Absoluta	Nados dende o 2000 e anteriores	5.000 m aprox	2 Voltas D
12:20	Andaina	Para todas as idades	2.500	1 Volta D

CIRCUÍTO A: 75m

CIRCUÍTO B: 500m

CIRCUÍTO C: 800m

CIRCUÍTO D: 2500m

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.


NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

CIRCUITO A – BIBERÓNS E PREBENXAMÍNS

PRAZA DE ABASTOS

META

SAÍDA



Google Earth

CIRCUITO B - 500 M APROX

CONCELLO

RECOLLIDA
DORSAIS
(MERCADO
MUNICIPAL)


SAÍDA – META

Google earth

2003

Fecha de las imágenes: 5/16/2014 43°26'59.81" N 7°51'12.78" O elev. 357 m alt. ojo 532 m

CIRCUITO C 800 M APROX



CIRCUITO D

ANDAINA (1 VOLTA)

CARREIRA (2 VOLTAS)

PISCINA

CONCELLO

ENTREGA DORSAIS

SAÍDA - META

